

## FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: Miguel de Lucas

XÉNEROS: maxia

55' FAMILIAR

# MIGUEL DE LUCAS

## OLÉ

### A COMPAÑÍA

Miguel de Lucas (antes coñecido como Miguelillo) é unha das figuras máis destacadas e populares da maxia española actual, en parte grazas ao seu traballo como presentador de *Un país mágico* en TVE. Cunha nova óptica dentro do mundo da maxia e a comunicación, de Lucas é capaz de adaptar a súa maneira de entender o mundo para que o grao de satisfacción do público sexa a mellor garantía da súa calidade. Así, pasa por teatro de sala, de rúa, de feira e mesmo conferencias para empresas. A combinación de diferentes recursos máxicos e técnicas teatrais é base sobre a que se asentaron os alicerces do seu novo enfoque, onde os detalles e o coidado das pequenas cousas crean automaticamente contextos onde todo é posible.

### O ESPECTÁCULO

En Olé mestúranse situacións improvisadas con disparatados números de maxia para un público familiar, Miguel de Lucas divírte e namora demostrando que a maxia é unha linguaxe universal. O mago Xoga e experimenta aproveitando a rúa como contexto idóneo para propoñer cousas esperando moito a cambio: bólas que se multiplican, panos que aparecen e desaparecen, aneis que voan, un número final de escapismo... e moita enerxía máxica, serán tan só algúns dos ingredientes que terás neste espectáculo protagonizado polo presentador do programa de A2 de Televisión Española, Un País Máxico

[+](#) INFO [▶](#) VÍDEO

CULTURACTIVA